

## NIETZSCHE

(1844-1900)

No último terzo do século XIX xorde unha nova corrente filosófica, que coincide coas anteriores na negación da metafísica e que descubre a realidade radical da vida: o “**Vitalismo**” ou “**Filosofía da vida**” que defende o irracional como característica do ser humano en oposición á razón e á experiencia. Friedrich Nietzsche é un dos seus máximos representantes. Nietzsche encarna a crítica máis radical que se fixera en Occidente contra a “cultura establecida”, en todos os terreos: filosofía, ciencia, moral, arte... Nietzsche apunta como o acontecemento máis importante da época contemporánea, da cal el se sente testemuña, a “**morte de Deus**”. “Deus morreu, viva o superhome”

### UN NOVO MARCO CIENTÍFICO: POSITIVISMO e EVOLUCIONISMO

O POSITIVISMO é unha corrente ou escola filosófica que afirma que o único coñecemento auténtico é o coñecemento científico, e que tal coñecemento soamente pode xurdir do método científico. O positivismo deriva da epistemoloxía que xorde en Francia a inicios do século XIX da man do pensador francés **Auguste Comte** e do británico **John Stuart Mill** e esténdese e desenvolve polo resto de Europa na segunda metade. Segundo a mesma, todas as actividades filosóficas e científicas deben efectuarse unicamente no marco da análise dos feitos reais verificados pola experiencia. Esta epistemoloxía xorde como maneira de lexitimar o estudo científico naturalista do ser humano, tanto individual como colectivamente. A necesidade de estudar cientificamente ao ser humano nace debido á experiencia da Revolución Francesa, que obrigou por primeira vez a ver á sociedade e ao individuo como obxectos de estudo científico.

O positivismo é a manifestación dunha época: baixo unha exaltación do método científico e unha suposta *asepsia ideolóxica* (o investigador non debe emitir xuízos de valor), leva á afirmación de que a sociedade debe ser fundada e condicionada pola ciencia. Creuse que a ciencia era a garantía infalible do progreso humano individual e social. O pensamento positivista inaugura unha forma nova de facer ciencia, baseada na observación, no empirismo e na recolección de feitos que logo se converterán en leis.

Segundo a liña positivista temos ao EVOLUCIONISMO como unha das teorías que dominan o século XIX. O xurdimento do evolucionismo commoveu a cultura occidental; de ser unha teoría vaga e discutida, acabou converténdose en dogma que permitía interpretar e renovar moitas disciplinas, incluso distantes da propia bioloxía (acorde co programa de método único para todas as ciencias); o paradigma evolucionista pronto reinou en ciencias como a historia e a antropoloxía.

En 1859 Charles Darwin publica *A orixe das especies* e o recoñecemento do arraigamento do home na natureza inicia o seu ascenso.

Darwin non é un filósofo, pero probablemente ningunha obra influíu tanto como a súa na constitución do pensamento contemporáneo. A teoría da evolución non representa só un avance concreto do coñecemento, senón, e de aí a súa importancia, unha controvertida transformación da maneira global en que nos enfrontamos ao mundo.

Darwin rebelouse contra dúas ideas fundamentais na concepción tradicional do mundo. Por unha banda, a idea de que cada cousa é como é, invariable desde a eternidade ou desde a creación. Por outra, que nós somos radicalmente distintos ao resto das cousas.

En primeiro lugar afirmaba a evolución das formas vivas, a formación dunas especies a partir doutras que as preceden, e en segundo lugar -e esta é a tese máis polémica- defendeu que o home non queda excluído deste radical irmandamento entre todas as formas de vida.

### LA HERENCIA DE LA ILUSTRACIÓN

O século XVIII foi un século fundamental na historia de Occidente. Nel fraguáronse os principais ideais da modernidade; foi neste momento cando se desenvolveron, tanto na teoría como na práctica, as consecuencias dun novo modo de pensar, de valorar, de sentir e de vivir. Isto non quere dicir que a Ilustración acabase a finais do XVIII, ao contrario, as súas consecuencias seguen vixentes na mentalidade actual, pois os seus ideais, aínda que non se cumpriran, seguen sendo os de moitos dos nosos contemporáneos.

Non é fácil definir que foi a Ilustración. A dificultade está en que o abarcou todo: a filosofía, a relixión, o dereito, a economía, a ética, a antropoloxía, a política, a literatura. A Revolución Francesa, que foi o seu efecto práctico máis significativo e dramático, non foi só unha revolución política, senón que abarcou toda a vida do home: persecución relixiosa, unha nova idea da liberdade, do dereito, da xustiza, unha nova orde social..., todo iso con pretensións de universalidade.

A primeira característica do pensamento ilustrado é, pois, o **criticismo**: a crítica á relixión pode considerarse o punto central porque é, simultaneamente, a crítica a un sentido da vida, dos valores, á ética, ao que unha cultura considera como valioso ou como malo. Por iso o ataque á Igrexa Católica era, ao mesmo tempo, o intento de cambialo todo. A Ilustración pretendía abolir un modo de entender a vida e o mundo e substituílo por outro, e o fundamento no que se apoiaba Occidente era o cristianismo. A Ilustración quere cambiar o fundamento de todos os valores para que a humanidade viva dunha maneira «máis humana», máis digna, para que sexa feliz, para que reine a paz e a harmonía entre os homes. E para iso Deus ha de ser substituído polo home.

Pero se se quere ir ao fondo, á idea que serve de base a todo o planteamento ilustrado, hai que darlle a razón a Kant cando resumiu o que, desde o seu punto de vista, significaba a Ilustración: a madurez do home, da humanidade, que fora conducida por mestres, pedagogos, pais, sacerdotes, etc. Autonomía é a palabra que define con máis precisión o ideal ilustrado.

De que hai que liberarse para chegar a ser autónomos? Da guía doutros e, máis en concreto, do entendemento, da razón, das ideas, leis e normas externas, para dirixir a propia conduta, por iso autonomía quere dicir tamén “liberación”.

En terminoloxía actual podería dicirse que defende a liberdade de expresión, a liberdade de prensa, a liberdade de ensino, etc., substituír os deberes polos dereitos: os dereitos da conciencia individual, da crítica, da razón, os dereitos do home e do cidadán. A liberdade enténdese, por tanto, como absoluta e indivisible e esténdese a todos os campos. Por iso a Ilustración supuxo unha ruptura radical con todos os valores establecidos: o home debe darse os seus propios principios e normas tanto racionais como morais e políticas.

## MARCO HISTÓRICO-CULTURAL E FILOSÓFICO

O último terzo do século XVIII e o primeiro terzo do século XIX caracterízanse pola vixencia do Idealismo Alemán, un movemento filosófico-metafísico no que destaca especialmente **Hegel**.

Os abusos en que cae o Idealismo crean a necesidade de acercarse e axustarse á realidade tal como é. A mente europea de 1830 atopa na ciencia (bioloxía, física...) o método que ha de aplicarse á filosofía e nega a metafísica. Así xorde o Positivismo (**Comte**) e logo o Materialismo (**Marx**), movementos filosóficos para os que a única realidade obxectiva é a materia suxeita a continuo movemento.

No último terzo do século XIX en Europa Central dáse un movemento de renovación cultural que afirma a primacía da vida: o "**VITALISMO**", defendendo unha subordinación do racional ao vital; representantes deste movemento son **Nietzsche, Dilthey e Bergson**. Por todo iso opóñense ao idealismo de Hegel ou ao positivismo de Comte. Trátase dunha serie de filosofías que defenden o irracionalismo e a afirmación da vida como realidade radical do ser humano. Para o irracionalismo a razón é inadecuada para captar a verdadeira realidade: a razón non é a facultade exclusiva do home, tamén están a intuición, o instinto, a inspiración poética, o inconsciente, etc. Representantes desta corrente son tamén **Schopenhauer e Ortega y Gasset** (no plano do historicismo ou raciovitalismo).

A filosofía de Nietzsche significa a crítica máis radical que se fixera en occidente contra a "cultura establecida" en todas as súas modalidades: filosofía, relixión, ciencia, moral, etc.

O seu pensamento é contrario a todo tipo de razón lóxica e científica; pódesele acusar de irracional, pero a súa filosofía pode ser definida como un "vitalismo": a súa obra está determinada por ser unha reacción contra a mediocridade e o convencionalismo da moral tradicional, e unha crítica implacable de todo o seu sistema de valores. Por contra, Nietzsche afirma a autonomía do home e rexeita toda transcendencia relixiosa, á que considera un obstáculo para crear un novo tipo de home.

## PERÍODOS E OBRAS:

- **Período romántico:** Inspírase nos clásicos, especialmente en Heráclito e os autores trágicos. Loita por un novo ideal de cultura. O Nacemento da Tragedia; Sobre a Verdade e Mentira en Sentido Extramoral...

- **Período positivista:** Busca inspiración nos ilustrados franceses. Predomina a crítica da cultura occidental: condena a metafísica (sobre todo a platónica), a relixión e a arte. Humano, Demasiado Humano; Aurora; A Gaia Ciencia.

- **Período crítico:** é o período fundamental: desenvolve as súas ideas máis orixinais e a parte máis dura da súa crítica: ataca á filosofía e moral tradicionais e dáse conta de que ten que destruír ao home tal e como é para que poida vir o *Superhome*, que é o que coñece a *morte de Deus*, ten a vontade de poder e móvese no *eterno retorno*. Proponse eliminar o dogmatismo teórico de todos os valores e facer unha "*transmutación*" dos mesmos, é dicir, situar os valores que son conformes á vida en lugar dos contrarios a ela: Máis Alá do Ben e

do Mal; A Xenealoxía da Moral; O Crepúsculo dos Ídolos; O Anticristo; Ecce Homo; Así Falou Zaratustra; A Vontade de Poder (póstuma).

### O MÉTODO XENEALÓXICO

Xenealoxía, etimoloxicamente, significa rastrexar e expoñer as orixes de algo. En filosofía este termo refírese especialmente ao método que utiliza Nietzsche nas obras da súa última etapa, Humano, demasiado humano e A xenealoxía da moral, ao que alude neste período como alternativa ao método científico.

Nietzsche vai utilizar este método para tratar de interpretar o sentido dos conceptos morais. Para el, **un valor posúe sempre unha xenealoxía, da cal dependen a súa nobreza ou a súa baixeza.**

Oponse tanto ao carácter absoluto dos valores como ao seu carácter relativo:

- Non son absolutos: posto que só teñen sentido nun contexto determinado.
- Non son relativos: pois non vale calquera cousa, senón só aqueles valores que teñen sentido nese contexto concreto.

Nietzsche parte do suposto de que a cultura occidental está viciada desde a súa orixe: é unha cultura racional e dogmática e por iso decadente que se opón á vida, aos instintos; este dogmatismo maniféstase na filosofía, na relixión e na moral.

#### **A) Crítica á Moral.**

O principal erro da moral tradicional é a súa “**antinaturalidade**”, é dicir, o ir en contra da natureza, da vida. É aquela moral que en virtude de leis, de decálogos, normas e imperativos, se opón á vida, aos instintos primordiais. A base filosófica desta moral é o platonismo: o mundo das ideas serve de “máis alá” relixioso para os cristiáns, de tal maneira que acaba converténdose na metafísica cristiá. Ao afirmar que existe unha orde moral do mundo o que se fixo foi afirmar que alguén desde fóra do mundo, desde fóra da vida, dirixe aos homes. Así prevaleceron os valores dos débiles: a compasión, a misericordia, o sacrificio, nos que se ve unha decadencia e non unha superación.

**Nietzsche critica á moral porque mata a vida:** a vida descansa sobre unhas bases que están en contra da moral tradicional, pero a vida é o único real, a moral é ficción e calumnia. Nietzsche distingue dous tipos de moral:

- **Moral dos señores:** é unha moral cabaleiresca, propia dos espíritos elevados, que ama a vida, o poder, a grandeza. É a moral propia do Superhome, a do que quere a morte de Deus.
- **Moral dos escravos:** é a inversión dos valores: a dor, a humildade, a amabilidade. É pasiva, non crea estes valores senón que os atopa en si mesma. Representa a subversión dos valores reais; nace co xudaísmo e é herdada polo cristianismo.

Nietzsche examina a historia da cultura occidental e constata un ascenso dos valores dos débiles: tiveron a forza para impoñer o seu criterio aos fortes; esta moral culmina cos movementos sociais de liberación desde a Revolución francesa. Para superar esta decadencia hai que poñer no seu posto ao Superhome libre de toda servidume relixiosa, de todo dogmatismo católico.

## B) Crítica á Relixión Cristiá.

**Toda relixión nace do medo, da angustia e da necesidade que xorde da impotencia que sente o home en si mesmo;** polo tanto ningunha relixión contivo xamais ningunha verdade. Trátase da incapacidade de asumir cada un o seu propio destino. Concretamente, o cristianismo inverteu os valores da antiga Grecia e Roma, que eran valores vitais, e inventouse un mundo irreal, celestial, que leva consigo a desvalorización do mundo terreo:

- **supón o extravío dos instintos:** inventa outro mundo e despreza este.
- **só fomenta valores pequenos:** a obediencia, o sacrificio; que son sentimentos propios do rabaño; é o inimigo do Superhome.
- **fala de pecado, co que aniquila as formas máis nobres de vida e as perverte desde a súa raíz.**

## C) Crítica á Filosofía Tradicional.

Para Nietzsche, a filosofía occidental, desde Sócrates e Platón, está corrompida. **Con Sócrates comeza a tiranía da razón sobre a vida e da moral sobre a estética.** Unha das razóns que ten na súa contra é que sendo un "sabio" teña unha actitude tan negativa cara á vida. Tamén lle reprocha a utilización da dialéctica, que considera unha arma dos plebeos, ao igual que a ironía. A ecuación socrática: razón=virtude=felicidade, parécelle extravagante e contraria á vida; para el a felicidade equivale a instinto, **se aceptamos esta ecuación: felicidade=instinto, faremos que a vida ascenda.**

A crítica que fai Nietzsche á filosofía está estreitamente unida á crítica que fai á moral: a moral ten a súa base na filosofía platónica, cos seus dous mundos diferentes e distanciados. O mundo dos sentidos é algo malo, causa da perdición.

A filosofía tradicional é dogmática: considera ao ser como algo estático, inmutable, abstracto (Parménides inventa o "estatismo do Ser"). Pero ese ser non existe: non hai conceptos estáticos, só existe o devir: só existe o mundo das aparencias, os fenómenos. De aí que admire a **Heráclito** e a Hegel; non admitirá, con todo, a Kant pola súa separación entre fenómeno e nómeno.

Nietzsche sinala dous erros graves na filosofía:

- **A minusvaloración da realidade:** a filosofía clásica e a metafísica desprezan a realidade concreta e cambiante, e así rexeitan o mundo real; ademais colocan no seu lugar un mundo imaxinario ao que despois chaman verdadeiro.
- **A confusión que crea entre o último e o primeiro:** significa que en filosofía se guían por conceptos xerais e baleiros, que non son máis que vaciedades e así se chega ao

concepto supremo de Deus que é o último, o máis tenue e baleiro e colócase como o primeiro.

Como conclusión á triple crítica anterior chega Nietzsche á súa afirmación de que **Deus morreu**. Para Nietzsche é a liberación dun gran peso que abrumba ao home: o peso da idea dun máis alá. Nietzsche chega ao convencemento de que a idea de Deus é o que impide ao home ser home. Deus é o gran obstáculo para que chegue o Superhome. Por iso pensa que para que viva o home ha de morrer Deus. **A morte de Deus significa que se derrubaron os pilares que sostían a tradición e a cultura de occidente.**

O pensamento resultante é que non hai lugar para Deus na cultura moderna: “nós matamos a Deus”, ao pilar sobre o que se sustiña toda a cultura de occidente; significa asimesmo que se subverteron todos os valores da vella humanidade para que poida nacer o Superhome. Con iso comeza unha nova historia; nela o home liberado de mitoloxías e supersticións pódese converter en creador do seu propio destino e chegar, por fin, a ser home. Fronte á antiga moral, a nova moral está baseada no desexo de vivir, apoiada na exaltación da vida (dionisiaca): a vida ten valor por si mesma e non hai que buscarlle outra explicación, non hai que impoñer ningunha norma á vida senón gozar dela: **Vitalismo**. A nova moral basearase na exaltación das forzas primarias, na moral dos señores fronte á dos escravos. É a moral da esixencia e afirmación dos impulsos vitais.

### **CRÍTICA Á CULTURA OCCIDENTAL: O NIHILISMO**

O termo NIHILISMO procede do latín nihil que significa “nada”. En Nietzsche, significa, en primeiro lugar, non atribuír á vida ningún valor, desvalorizar a vida. Isto faise cando en lugar da vida se coloca algún valor ficticio como, por exemplo, fan Platón ou o Cristianismo, cando atribúen a un mundo suprasensible un valor por riba da vida, o mundo das ideas no caso de Platón ou a propia idea de Deus no Cristianismo. En segundo lugar nihilismo significa tamén a reacción fronte aos valores cos que se substitúe o valor da vida. Así no nihilismo négase a Deus, ao verdadeiro, ao ben. Este é o sentido da expresión “morte de Deus”.

**Non é unha teoría filosófica, senón a consecuencia da historia da nosa cultura; a forza do espírito de occidente esgotada por valores inadecuados e ficticios vólvese nihilista. O nihilismo é o convencemento da incoherencia, do sen sentido e da falta de valor da realidade. Polo tanto é a consecuencia propia da ausencia de valores, a falta de resposta ás preguntas que se responderan desde Deus e agora perdemos a orientación.**

Esta parte negativa esixe dialecticamente unha parte positiva: é negar para afirmar, destruír para crear: desa negación xorden os novos valores, a vontade de poder, o Superhome.

Nietzsche parte do suposto de que a cultura occidental está viciada desde a súa orixe: é unha cultura racional e dogmática e por iso decadente que se opón á vida, aos instintos; este dogmatismo maniféstase na filosofía, na relixión e na moral.

### **A VONTADE DE PODER E O SUPERHOME**

A Nova Visión do Home.

A antropoloxía de Nietzsche está na mesma liña crítica dos valores culturais de occidente, o home entra nesa mesma visión pesimista da decadencia occidental. Para Nietzsche o home é:

- un ser Miserable: despreza a terra, o corpo, o instinto; é un ser a medio facer entre a besta e o Superhome.
- é un Animal Defectuoso: é o único animal do universo que aínda está por facer; corre un risco: ou vencer ao home mediante a superación (converterse en Superhome) ou volver á animalidade. Este home resístese a abandonar os valores do pasado e dar un novo sentido á humanidade.

## O Superhome.

Polo tanto o home ten que ser superado, o que significa que ten que transformarse; o home non é un ser estático, inmóbil, senón que está dotado dunha enorme capacidade creadora, e a maneira de superarse é a “vontade de poder”.

A vida ten unha forza enorme, expansiva; está en proceso evolutivo constante que lle fai ir cara a especies superiores. Este sentido de superación implica que para que o home chegue ao Superhome ten que superar a moral tradicional, decadente e alienante e chegar a unha nova moral de acordo coa natureza. Este afán de superación débese levar a expulsar a Deus do seu interior: Deus morreu e só queda o home que se vai superando ata chegar ao superhome.

O tema da morte de Deus aparece na primeira parte de **Así falou Zaratustra**, na que aparece a metáfora das tres transformacións do espírito:

- convértese en **camelo**: o animal que soporta grandes pesos, o home que se inclina ante a omnipotencia de Deus e ante a lei moral.
- en **león**: destrúe os valores establecidos.
- en **nen**: simboliza ao home capaz de crear novos valores e de chegar a ser o Superhome.

Zaratustra é o pregoeiro da morte de Deus, suplantado polo Superhome

## Características do Superhome

A partir do terceiro momento (o neno) é cando empeza a aparecer o Superhome que dá lugar á nova humanidade libre e creadora; as características fundamentais do Superhome son:

a) **Ansia de vivir**: o home novo, o Superhome, preocúpase da vida, sobre todo da vida corporal, a saúde, o pracer, a violencia, a vitoria, o éxito... As virtudes que ama son a forza física, o poder, a rebeldía do forte e do poderoso.

b) **Superación**: sobre todo da moral tradicional cristiá: non está sometido a ningún precepto moral porque se sitúa por riba do ben e do mal. O que favorece á natureza é bo, o que a prexudica é malo.

c) **Superior**: acéptanse as xerarquías entre os home, xa que a igualdade só leva á moral do rabaño. O Superhome debe practicar a moral dos señores que dominan pola forza e a violencia.

d) **Valores**: non se cambian só os valores, senón tamén a forma de valorar, é dicir, a forma de vivir.

e) **Terreal**: vive a fidelidade á terra, lonxe da trascendencia metafísica e da idea de Deus.

f) **Poder**: o Superhome vive a vontade de poder: a conciencia das ansias de vivir; é a vontade de dominar e de recrear ao mundo e os seus valores, o ser señor e non escravo.

g) **Retorno**: é o ser que vive o eterno retorno: querer o futuro é volver a querer o pasado: todo existiu xa.

### **A Vontade de Poder**

Significa a vontade de dominio, forza, impulso vital, emoción, paixón, a lei do máis forte. É a exaltación da forza e da agresividade. O Superhome é o que debe fundar unha sociedade de nobres. É o desexo e a vontade de desenvolverse como o que verdadeiramente se é: un ser humano, apegado á vida e á terra.

Nietzsche intentou compensar a súa débil saúde cunha vontade férrea por vivir e impoñerse á súa natureza enfermiza. Para Nietzsche, o mundo, o home e a vida son vontade de poder.

Esta non é “vontade que busca o pracer e evita a dor”, nin “vontade de vida”; máis ben ao contrario: a vida é vontade de poder, sinónimo de vontade de ser máis, de vivir máis, de superarse e de mostrar unha forza sempre crecente: vontade de crear.

Por iso é vontade creadora de valores novos e aniquiladora dos tradicionais. A vontade de poder constitúe o principio fundamental de todas as valoracións. **Para Nietzsche, o mundo, a vida e o superhome son vontade de poder, e os novos valores son a expresión desa vontade**

### **O Eterno Retorno**

Dixo Nietzsche que era o seu pensamento máis profundo pero o menos elaborado. É un si á vida que non soamente afirma os valores desta terra, senón tamén o desexo de que se repita eternamente. Parece ser que o eterno ciclo de nacer e morrer se repite eternamente para todos. Este pensamento asusta a aqueles que viviron toda a súa vida baixo a moral tradicional en espera dun máis alá que pague os seus sacrificios; en cambio ao Superhome, que viviu baixo a súa propia moral dos señores, este pensamento debe chealo de gozo.

Nietzsche nega a posibilidade da Metafísica e, ademais, parte da perda da fe en Deus e da inmortalidade da alma. Esta vida que se afirma pide sempre ser máis, pide a eternidade no pracer e volverá unha e outra vez

### **VALORACIÓN**

A filosofía de Nietzsche foi obxecto de numerosas valoracións máis ou menos negativas. Así desde sectores marxistas sinalouse que a súa crítica aos valores morais

levaría ao dominio social e político dos máis poderosos (economicamente) e daría lugar a unha sociedade inxusta e desigual. Entre as filas do cristianismo, houbo tamén moitos ataques ao anuncio de N. da morte de Deus. Finalmente, desde perspectivas kantianas, indicouse que, a exaltación da liberdade e da capacidade de crear novos valores non é máis que a renuncia á razón como reitora da vida e que expresa o abandono aos instintos máis primitivos que todavía habitan no ser humano.